



## BANDO

### Aspectos a ter en conta para as fogueiras da Noite de San Xoán

- 1º) As persoas físicas ou xurídicas que desexan facer unha fogueira deberán solicitalo no Rexistro Xeral, ou sede electrónica, deste Concello de Nigrán, **ata o día 13 de xuño inclusive**; terán que sinalar o lugar (da súa titularidade) elixido así como o nome, enderezo, teléfono e DNI dos/as responsables.
- 2º) O material inflamable da fogueira deberá estar amontoado con un día de antelación á súa queima, para poder levar a cabo a súa revisión.
- 3º) O volume do material combustible da fogueira non superará os 5 metros de diámetro nin os 3 metros de altura.
- 4º) A separación entre as fogueiras e os edificios, árbores e demais obxectos que poidan resultar danados, será como mínimo de 12 metros. Porase especial coidado de non situalas baixo tendidos eléctricos ou telefónicos, así como que nos arredores non haxa almacenados produtos inflamables nin zonas forestais.
- 5º) Prohíbese a queima de neumáticos, plásticos, aceites, etc., e en xeral calquera outra substancia que desprenda fumes tóxicos; así mesmo coidarase de non botar ao lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprays) aínda que estean baleiros.
- 6º) Ao finalizar a fogueira e, antes de abandonar o lugar desta, os/as responsables da organización coidarán que as cinzas queden totalmente apagadas.
- 7º) En todos os casos os/as solicitantes serán responsables dos danos que puideran ocasionar a terceiros.
- 8ª) Ademais do indicado, deberá terse en conta que a posibilidade de realizar a fogueira, e as condicións da mesma, dependerán tamén do que poidan sinalar as normas xerais de aplicación, incluídas as de carácter sanitario referidas ao COVID-19, así como do que en aplicación das mesmas se consigne na correspondente resolución administrativa.

Nigrán, a data da sinatura electrónica  
O Alcalde

